



## Rogos e preguntas do Pleno de febreiro de 2021

### Preguntas formuladas por Dona María Elena Estévez Freire.

- 1. O 20 de outubro do pasado ano notificóusenos para que designásemos un representante para a comisión avaliadora das subvencións deportivas. Quería saber por que aínda non se convocou dita comisión e cando se ten previsto facer? Así mesmo, soamente se nos enviou comunicación para as culturais, está previsto tamén para as dos clubs deportivos?**

A reunión da comisión de valoración está prevista para o próximo xoves, 4 de febreiro, e no expediente xa consta informe técnico de valoración.

- 2. Hai dous meses presentamos unha moción referente aos bonos para a promoción do comercio local, a cal se rexeitou por parte do goberno dado que estaban traballando xa nunha campaña que se levaría a cabo ou ben no Black Friday ou ben en decembro, aínda que non se fixo. Cales foron as razóns?**

Antes de rematar o ano, o alcalde e a concelleira de promoción económica mantiveron unha reunión con FECIMO, na que se nos presentou unha proposta para estudar de cara a este ano 2021, pendentes de concretar as datas e o formato. Así e todo, hai que lembrar que os problemas que nos trasladan os técnicos/as municipais teñen que ver con que se trata dunha competencia autonómica que non foi delegada aos concellos, a diferenza doutras comunidades autónomas. Polo tanto, é competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

- 3. As vivendas de Massó da rúa Montero Ríos están valladas dende hai dous meses. O alcalde comentara que xa falara coa promotora e que ían acometer unhas obras para asegurar as vivendas. Que previsión hai de que se faga esta obra? O valado xa leva un par de meses nese estado, o que é moi preocupante.**

Postos en contacto os nosos servizos técnicos cos propietarios nos fan saber que están rematando de facer os estudos previos e decidindo cal das alternativas que teñen encima da mesa é a mais axeitada para levar a cabo as obras de mantemento deste inmovible, pois varían dende o apuntalamento exterior ou interior, así mesmo están tramitando as autorizacións perante Patrimonio o cal retrasa un pouco mais as actuacións a acometer. De tódolos xeitos o Concello lles remitirá nos vindeiros días unha orde de execución con prazos concretos para que non se demore mais do necesario esta obra

### Preguntas formuladas por Dona Isolina Villanueva Reboiras

- 1. Es preocupante el abandono del alumbrado público. Hay zonas en Bueu que carecen de iluminación, barrios donde hay vida y tienen que iluminar el camino con la linterna de los móviles.cito varios ejemplos:**



**POPULARES**  
de Bueu

**Urbanización Alonso, carece de iluminación desde hace años, pertenece a la comunidad de propietarios pero es de uso público, por lo que la limpieza y alumbrado lo debe hacer el concello.**

**Plaza Masó :centro del pueblo con parque infantil con escasa iluminación.**

**Calle Eduardo Vicenti: de 8 días de la semana 3 tiene luz.**

**O Valado con cortes de luz intermitentes.**

**Me gustaría saber cuál es el motivo o problema, por la falta de alumbrado ? Por qué lleva años sin iluminación la urbanización Alonso? Cuándo van a colocar la barandilla o pasamanos en las escaleras de dicha urbanización?**

**En plenos anteriores lo había solicitado una vecina.**

En relación coa urbanización Alonso e os accesos, hai que indicar que se trata de espazos públicos pero, tal e como figura no convenio urbanístico de dita actuación, a obriga do mantemento, conservación, así como o subministro eléctrico de ditos espazos correspóndelle á entidade urbanística de conservación. O Concello, no seu momento, conectou o alumbrado público á rede municipal. Anos máis tarde detectáronse un sinfín de problemas en toda a rúa Montero Ríos, ocasionados por unha deficiente instalación de dita urbanización, razón pola que se decidiu proceder á súa desconexión. A finais do pasado ano tomouse a decisión de proceder a unha reparación de dita instalación, despois de realizar as pertinentes comprobacións, polo que nos próximos meses se procederá á súa posta en funcionamento, pero reitero que a responsabilidade en todo caso non corresponde ao Concello. No que atinxe ás demais cuestións de alumbrado sobre as que pregunta, xa o alcalde de forma reiterada ao longo dos últimos anos / meses procurou informar á cidadanía das situacións e problemas do alumbrado das diversas zonas, sobre todo na área urbana, na que se adoitan dar anomalías derivadas por obras de perforacións levadas a cabo por particulares ou empresas, como se indicou na nota publicada na páxina web o 26 de xaneiro. Debe informárselle tamén que por parte da alcaldía estase a elaborar un plan estratéxico para continuar coa mellora do alumbrado público, que integrará diversas accións a executar entre o 2021 e 2022. A finalidade é, pois, seguir mellorando o servizo de iluminación a través de máis investimentos que redunden nun aforro económico e nunha eficiencia enerxética.